

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019232	IES Monte da Vila	O Grove	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

O IES Monte da Vila é un centro público onde se imparten ensinanzas de Eso, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

No contexto sociolingüístico pódense pór en destaque os seguintes trazos:

a) Nos últimos 15/20 anos o retroceso do galego como lingua oral no centro é un feito incuestionábel, non só naqueles contextos máis informais (corredores, tempo de lecer...), senón tamén nas propias aulas. A situación marca un claro proceso de substitución lingüística, moi afastada de toda a retórica oficial do chamado "bilingüismo" ou "bilingüismo harmónico".

b) As actitudes negativas cara á lingua por parte do alumnado van in crescendo. En moitos casos aparecen mesturados vellos e novos prexuízos que dificultan o uso, en calquera ámbito e contexto, do idioma.

c) O fenómeno do "castrapo", consecuencia do desequilibrio entre as linguas, é salientábel, até o punto de que para moitos alumnos e alumnas pasa a ser o seu "registro" habitual.

d) A falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a perda de falantes, acompañen o labor do profesorado ou visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas é, en realidade, o obstáculo máis importante.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso departamento didáctico o labor de desmontaxe teórica e práctica contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva para que o alumnado sexa quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e iso implica, antes de máis, derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, debemos prestar unha atención especial aos contidos relacionados co evoluir histórico do galego e a relación coa sociedade, así como tamén incidir na expresión oral e escrita. Para isto, buscaremos unha adecuada coordinación cos outros departamentos lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos desde a óptica do galego como lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades de menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuízos que, como docentes, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

A materia de Lingua galega e literatura en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso consciente da lingua.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados, mais coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galiza e a situación complicada da lingua. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura de «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer o repaso sistemático da gramática a través do uso oral e escrito en diferentes contextos e ámbitos.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de noicións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de nove unidades didácticas. En xeral, cada unidade comeza cunha lectura, pois esta é un elemento de gran relevancia nesta programación didáctica. Nestas lecturas de apertura das unidades adoitan tratarse diferentes elementos transversais e de actualidade, favorecendo desta maneira o uso oral do idioma e mellorando o registro formal.

En cada un dos trimestres, o alumnado desenvolverá diferentes tarefas e propostas de traballo individual/grupal. Así, no primeiro trimestre, elaborarán unha tarefa de investigación baseada na diversidade lingüística a nivel mundial, europeo e peninsular, cun primeiro achegamento ao éuscaro e catalán; no segundo trimestre, levarán a cabo un proxecto textual de creación de microrrelatos e relatos breves para seren posteriormente presentados ao festival Montenegro de Arte e Novela negra promovido polo noso centro; finalmente, no terceiro trimestre, o alumnado participará en debates, mesas redondas e entrevistas, de maneira individual e grupal, co obxectivo de desenvolver

habilidades de convivencia e intercambio de ideas, así como habilidades orais para adquirir maior seguraza e competencia lingüística en galego, tanto dentro como fóra da aula. Finalmente, hai que indicar que se farán propostas de lecturas para cada trimestre atendendo a diferentes temáticas, autoría e xéneros literarios.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Irmáns de leite. Lingua e comunicación. A diversidade lingüística.	<p>As primeiras sesións desta unidade están destinadas á realización dunha especie de avaliación inicial para ver os coñecementos na materia que posúe o alumnado. Abordaxe do coñecemento da realidade multilingüe. Atenderase especialmente ao desenvolvemento sociohistórico do galego e do portugués.</p> <p>Elementos proceso comunicativo: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; os elementos non verbais: xestos, miradas, postura, ton e velocidade da voz.</p> <p>Ao longo de todo o trimestre o alumnado levará a cabo o traballo de investigación sobre diversidade lingüística (traballo grupal).</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	16	X		
2	Quen puidera namoralala. A literatura medieval: a cantiga de amigo e de amor. Repaso de gramática.	<p>Propiedades textuais I: a coherencia e a cohesión. Repaso xeral dos diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico. Introducción á literatura galega. Periodización. Inicio do estudo da literatura medieval. A lírica profana: a cantiga de amigo e de amor.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	14	X		
3	Persuasores ocultos. Repaso de gramática.	<p>Propiedades textuais II: a adecuación. Repaso gramatical.</p> <p>A lírica profana: As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	15	13	X		
4	Como pór lle un piercing á lingua. Xéneros discursivos: conversa sincrónica (chat) e crónica xornalística. A lírica relixiosa. A prosa medieval. O proceso de decadencia do Reino de Galiza.	<p>Identificación de prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua e estratexias para contrarrestalos.</p> <p>Os xéneros discursivos do ámbito social. A conversa sincrónica (chat) como exemplo referido ás redes sociais. A crónica</p>	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Como pórllle un piercing á lingua. Xéneros discursivos: conversa sincrónica (chat) e crónica xornalística. A lírica relixiosa. A prosa medieval. O proceso de decadencia do Reino de Galiza.	<p>informativa ou xornalística como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación.</p> <p>A lírica relixiosa medieval. A decadencia da lírica galego-portuguesa. A prosa medieval. Relacionaranse algunhas composicións con outras obras (clásicas e actuais) e con outras experiencias artísticas e culturais.</p> <p>O alumnado levará a cabo o proceso de creación, de maneira individual, de relatos breves para o festival Montenegro de Arte e Novela negra.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	11		X	
5	Falemos claro! A noticia. A literatura dos séculos escuros e a Ilustración.	<p>A alfabetización informacional a través do estudo da noticia.</p> <p>Tratamento da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración).</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	9		X	
6	Influencers de antano. Uso discriminatorio da lingua e manipulación. A recensión. O Rexurdimento. A figura e a obra de Rosalía de Castro.	<p>Usos discriminatorios da lingua e a manipulación da linguaxe.</p> <p>Xéneros discursivos do ámbito académico II: a recensión. Estrutura básica e características.</p> <p>As propiedades textuais III: conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</p> <p>Niveis de lingua e niveis de fala. Situación comunicativa e escolla de rexistro lingüístico.</p> <p>O Rexurdimento e a figura de Rosalía de Castro. Selección de textos con perspectiva de xénero e vínculos intertextuais con obras doutros autores.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	9		X	
7	Ata cando imos gardar silencio? O diálogo, a entrevista, o debate e a mesa redonda. O Rexurdimento: A figura e obra	<p>O diálogo espontáneo ou conversa e o diálogo planificado, centrando a atención no debate, no faladoiro e na entrevista.</p>	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	de Curros Enríquez.	<p>Estudo dos dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</p> <p>Atenderase á alfabetización informacional a través do estudo da noticia, abordaranse aspectos como a propiedade intelectual, as noticias falsas e o ciberanzol. Nocións de tecnéutica: o copyright.</p> <p>Curros Enríquez. Análise obra ao abeiro do contexto sociohistórico e da tradición literaria. O alumnado declamará algúns dos seus poemas ao tempo que se fará unha interpretación dunha serie de composicións seleccionadas pola/o docente das súas obras, "Aires da miña terra" e de "O divino sainete".</p> <p>Traballo individual/grupal de debate, entrevistas e mesas redondas.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	12			X
8	Falamos? Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Relacións semánticas. Denotación e connotación. O Rexurdimento: A figura e a obra de Eduardo Pondal.	<p>Estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p> <p>Procedementos de adquisición e formación de palabras. A mudanza de significado. As relacións semánticas. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</p> <p>Análise das liñas temáticas e estéticas da poesía de Eduardo Pondal. Selección de textos e lectura expresiva na aula.</p> <p>Traballo individual/grupal de debate, entrevistas e mesas redondas.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	10	11			X
9	Carballo ou eucalipto? A corrección gramatical e ortográfica. A literatura de finais do XIX e inicios do XX ("Antre dous séculos").	<p>A corrección gramatical. Dúbdidas do galego.</p> <p>A literatura galega da etapa, «Antre dous Séculos» (1890-1916). Trazos e autores e autoras destacados.</p> <p>Traballo individual/grupal de debate, entrevistas e mesas redondas.</p> <p>Faranse exposicións orais individuais relacionadas coa lectura trimestral.</p>	15	10			X



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Irmáns de leite. Lingua e comunicación. A diversidade lingüística.	16

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais			
CA1.1.1. - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual.	Recoñece as variedades dialectais do galego.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.	PE	85
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Expón a súa opinión crítica da lectura trimestral e de textos literarios relacionándoos co contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto oral e do texto escrito.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a idea principal, a estrutura textual e a intención comunicativa de diferentes textos especializados e dos medios de comunicación.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen puidera namoral. A literatura medieval: a cantiga de amigo e de amor. Repaso de gramática.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación: xestos, ton...	PE	75
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura da lectura obrigatoria deste trimestre.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza a lectura de textos sobre sociolingüística. Estabelece vínculos da súa temática coa actualidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e concretamente, das características da cantiga de amigo e da cantiga de amor.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico. Usa unha terminoloxía adecuada e propia da materia.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		TI	25
CA1.1.2. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá).	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do éuscaro e do catalán.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</li> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> </ul>

**Contidos**

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	Persuasores ocultos. Repaso de gramática.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Identifica as características das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana.	PE	10
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun fragmento dun ensaio achegado pola/o docente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais			
CA1.1.3. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada as variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Compara as variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e de Brasil.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral argumentada sobre temáticas académicas. Usa eficazmente os recursos verbais e non verbais.	TI	90
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas medievais.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve unha tarefa creativa elaborando microrrelatos e relatos breves. Fai unha árbore lingüística familiar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).</li> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> </ul>

**Contidos**

- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
4	Como pórllle un piercing á lingua. Xéneros discursivos: conversa sincrónica (chat) e crónica xornalística. A lírica relixiosa. A prosa medieval. O proceso de decadencia do Reino de Galiza.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		PE	75
CA1.1.4. - . Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas.	Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Falemos claro! A noticia. A literatura dos séculos escuros e a Ilustración.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.	PE	40
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece os trazos básicos da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identifica erros nos propios textos e propón, de maneira reflexiva, solucións adecuadas.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista.	TI	60
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Selecciona textos poéticos e realiza un booktráiler establecendo vínculos entre a temática destes poemas e a lírica profana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Influencers de antano. Uso discriminatorio da lingua e manipulación. A recensión. O Rexurdimento. A figura e a obra de Rosalía de Castro.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins. Identifica o uso sexista da lingua e coñece os recursos lingüísticos para mudar este uso.	PE	25
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Busca vínculos intertextuais entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es e establece relacións entre as creacións literarias de Rosalía e outras manifestacións artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Interpreta, con perspectiva de xénero, fragmentos de obras de Rosalía de Castro atendendo tamén ao contexto sociohistórico da época.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Elabora textos creativos a partir da pescuda e análise de modelos literarios. Participa con microrrelatos e relatos breves no festival Montenegro de Arte e Novela negra promovido polo centro.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.	TI	75
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Creación de microrrelatos baseándose en obras lidas (nomeadamente da literatura lusófona), revisa as súas creacións e fai propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
7	Ata cando imos gardar silencio? O diálogo, a entrevista, o debate e a mesa redonda. O Rexurdimento: A figura e obra de Curros Enríquez.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	É quen de detectar a manipulación da linguaxe a partir de elementos lingüísticos e non lingüísticos.	PE	80
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a biografía de Curros Enríquez e o contexto histórico da súa época. Interpreta fragmentos das súas obras "Aires da miña terra" e de "O divino sainete".		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta de maneira axeitada a relación entre a intención comunicativa e as escollas lingüísticas correctas.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Selecciona poemas das obras "Aires da miña terra" e "O divino sainete" para seren posteriormente sometidos a discusión en conversas literarias na aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Falamos? Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Relacións semánticas. Denotación e connotación. O Rexurdimento: A figura e a obra de Eduardo Pondal.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.	PE	40
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	É quen de relacionar as liñas temáticas e estéticas da poesía pondaliana co contexto sociohistórico.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñece os procedementos de adquisición e formación de palabras e os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	TI	60
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Explica, de maneira razoada, a escolla de textos literarios ou da obra de lectura trimestral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> </ul>

**Contidos**

- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
9	Carballo ou eucalipto? A corrección gramatical e ortográfica. A literatura de finais do XIX e inicios do XX ("Antre dous séculos").	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Domina os conceptos de lingua hexemónica, lingua minoritaria, lingua minorizada e ecolingüismo.	PE	10
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a obra dos autores da denominada literatura "Antre dous Séculos" (1890-1916)		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Manexa diferentes fontes de información e reutilízaa de maneira comprensiva e reflexiva.	TI	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve unha tarefa coas TIC relacionando a literatura galega e a do mundo lusófono, moi especialmente a portuguesa.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Desenvolve aceptabelmente actividades variadas de repaso gramatical de entre as explicadas ao longo do curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

### LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía tratará de ser o máis activa posíbel e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas aulas da nosa materia e a outras que se imparten obrigatoriamente en galego. Neste sentido aparecen propostas de traballo que se levarán a cabo ao longo de todo o curso, de maneira sistemática, como son as exposicións orais, sen esquecer o traballo dedicado a desenvolver as habilidades orais do terceiro trimestre.

### LIÑAS DE ACTUACIÓN:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

- A realización de tarefas progresivamente complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas.

- O deseño de tarefas significativas para o alumnado, baseadas en contextos recoñecíbeis, que teñan en conta, se for posíbel, as súas vivencias particulares.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo a través das tarefas debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- Uso de estratexias para traballar transversalmente, como prioridade na materia, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade. Á adquisición destas destrezas contribuírá, sen dúbida, a lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

- O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que favorezan a intercomunicación co mundo lusófono.

- A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores como a non discriminación, a loita contra o odio e o racismo, a denuncia da violencia machista ou o ecolingüismo.

- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

- O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

O departamento didáctico acordou pór como libro de referencia o seguinte:

Isabel González Avión e Emilio Xosé Ínsua López, Lingua galega e literatura, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2022.

Parécenos conveniente que o alumnado dispoña dun material de uso cotiá e con acceso a boa parte dos contidos establecidos na lexislación. Alén disto, será obrigatorio o uso da Aula virtual por parte do alumnado ao longo de todo o curso, como complemento ás aulas e ao libro de referencia.

Por outro lado, o alumnado deberá ter un caderno/folios soltos numerados e ordenados, sempre a disposición da persoa docente para facer un seguimento do seu traballo diario e da produción escrita.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet...).

A biblioteca do centro ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

Outros recursos didácticos de interese para o alumnado:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>
- A páxina web [ogalego.eu](http://ogalego.eu)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións da Unidade didáctica 1 farase unha especie de avaliación inicial para saber dos coñecementos do alumnado na materia.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida saber o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O departamento didáctico propón un modelo flexíbel de proba ou actividades de inicio de curso válidas para obter a

información precisa de cada alumna e alumno. Poderemos partir dun texto literario, xornalístico, etc., ou de material audiovisual, e constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Produción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Produción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	85	75	10	75	40	25	80	40	10	<b>45</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	15	25	90	25	60	75	20	60	90	<b>55</b>

### Criterios de cualificación:

Nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de tarefas e de actividades individuais e grupais centradas na utilización da lingua oral, o cal redundará na presenza dunha maior porcentaxe no valor das táboas de indicadores fronte ao das probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación un 55% a través de táboas de indicadores fronte a un 45% a través de probas escritas.

Deseguido establecemos unha serie de criterios no uso da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá todas as probas escritas e orais en lingua galega, requisito indispensable para a súa corrección. No caso das probas de avaliación escritas ou das intervencións e exposicións orais, poderase aplicar unha penalización de nota por deficiencias lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa. Basicamente, penalizarase o uso de calquera tipo de castelanismo, a inadecuación do rexistro lingüístico, a pobreza lexical e as faltas graves de ortografía e o deficiente uso dos códigos non verbais.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, no artigo 12 establécese:

" Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento diario das aulas e de calquera tipo de tarefa ou actividade, escrita ou oral, provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento específico da lingua e imposibilita a adquisición de competencias na materia.

#### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL E FINAL

- Proba escrita (exame contidos específicos): 70% (até 7 pts)
- Produción e expresión oral e escrita: 30% ( a expresión oral estará vinculada á lectura obrigatoria trimestral e á exposición oral seguindo o esquema ofrecido pola persoa docente e suporá o 20%; co 10% valorarase a expresión e produción escrita).

A cualificación trimestral será a suma dos diferentes apartados.

A cualificación final de xuño será a media aritmética dos tres trimestres (ou, no seu caso, as recuperacións) e debe ser de 5 puntos ou superior para superar a materia.

Este será o documento, a xeito de resumo, que se entregará ao alumnado na primeira semana de actividades lectivas. Estará a disposición das familias na Aula virtual do centro

## INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS

Lingua galega e literatura

1ºbac/23-24

### 1- Sistema de cualificación trimestral e final

a- proba escrita (exame de contidos específicos): 70% (até 7 ptos)

b- produción e expresión oral e escrita: 30% (até 3 ptos; a expresión oral está vinculada á lectura obrigatoria trimestral e á exposición oral seguindo o esquema ofrecido pola persoa docente e suporá o 20%; co 10% valorarase a expresión e produción escrita).

A cualificación trimestral será a suma do resultado obtido nestes dous apartados. O criterio de redondeo será o que segue: se o primeiro decimal é 5 ou inferior, farase á baixa (4´50 ficará en 4; 7´50 en 7); pola contra, se é superior a 5, o redondeo será á alza (4´60 pasará a 5; 7´60 a 8).

A cualificación final de xuño será a media aritmética dos tres trimestres (ou, no seu caso, as recuperacións) e debe ser de 5 puntos ou superior.

### 2- A lingua na escrita e na oralidade

O alumnado desenvolverá todas as probas escritas e orais en lingua galega, requisito indispensable para a súa corrección. No caso das probas de avaliación escritas ou das intervencións e exposicións orais, poderase aplicar unha penalización de nota por deficiencias lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa. Penalizarase o uso de castellanismos, a inadecuación do rexistro lingüístico, a pobreza lexical e as faltas de ortografía e o deficiente uso dos códigos non verbais.

No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, no artigo 12 establécese:

"Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento diario das aulas e de calquera tipo de tarefa ou actividade, escrita ou oral, provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento específico da lingua e imposibilita a adquisición de competencias na ma

### 3- Materiais e recursos didácticos

O libro de texto obrigatorio de referencia é:

- Isabel González Avión e Emilio Xosé Ínsua López, Lingua galega e literatura, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2022. Esta información figuraba xa no taboleiro de secretaría do centro desde o mes de xuño.

Será obrigatorio o uso da Aula virtual ao longo de todo o curso, como complemento ás explicacións na aula e aos contidos do libro de texto.

O alumnado disporá de caderno/folios soltos numerados e ordenados, sempre a disposición da persoa docente para facer un seguimento do traballo diario e da produción escrita.

A biblioteca do centro ofrece obras de lectura, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para a consulta de información, a realización de traballos de investigación, etc.

Outros recursos didácticos de interese para o alumnado da materia como Aulas galegas, dicionario da RAG, dicionario de pronuncia da lingua galega, o Portal das Palabras, o vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGA) ou a páxina web ogalego.eu estarán a disposición do alumnado na Aula virtual.

## **Criterios de recuperación:**

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria (para bacharelato) dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación das tarefas de investigación trimestrais, procederase do seguinte xeito:

- Ao longo do 2º trimestre no prazo establecido pola persoa docente o alumnado que non superase satisfactoriamente a tarefa nº 1 poderá volver a entregala para a súa recuperación.

- Ao longo do 3º trimestre no prazo establecido pola persoa docente o alumnado que non superase satisfactoriamente a tarefa nº 2 poderá volver a entregala para a súa recuperación

2. O resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse no período abranguido entre a 3ª avaliación ordinaria e a avaliación final. Inclúese aquí a entrega da tarefa nº 3 para a súa recuperación.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptíbeis da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableceza o calendario escolar para cada curso».

Recuperación da materia pendente de primeiro de bacharelato:

Para este alumnado establececese a posibilidade de recuperación a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais na hora de atención ao alumnado e ás familias ou, se for o caso, nos tempos de lecer. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

A persoa docente do curso de segundo de bacharelato será a encargada de levar a cabo o plan de recuperación acordando co alumnado as datas de realización de probas ou de entrega de traballos.

Como norma xeral, dividirase a materia en dous parciais indicando o contido de cada proba. Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindíbeis para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que supere a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos.

Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza, en caso de non superar algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableceza o calendario escolar.

Finalmente, a superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia no nivel inferior.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Este apartado non procede neste curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posíbel das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

**Alumnado con exención:**

Aquel alumnado que teña concedida a exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua galega e literatura durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, con relación á exención da materia de lingua galega, consideramos oportuno pór en destaque:

a) A nivel metodolóxico, durante o desenvolvemento das aulas, faráselle un reforzo na aula con exercicios orais adaptados que irán progresivamente incrementado o grao de complexidade para que poida ir seguindo, na medida do posíbel, o ritmo do resto do grupo.

b) Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, a aprendizaxe por tarefas (nesta programación didáctica figuran tres tarefas ao longo do curso) e outras medidas que promovan a súa inclusión.

Á parte disto, terán prioridade os métodos que favorezan a expresión directa e a comunicación, como por exemplo, as exposicións, as deliberacións orais argumentadas, o intercambio de gustos lectores a través de conversas literarias na aula.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro educativo deberán concretarse as medidas que se tomen en Bacharelato co alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

No caso de que ao longo do curso se matricule algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo ou atención temperá, seguiranse os protocolos establecidos pola Consellaría.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X	X	X		
ET.4 - Competencia dixital.	X		X	X	X	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.					X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X			X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Creatividade.	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X
ET.11 - Pluralidade (lingüística).	X

### Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato en Galiza , establece que en todas as materias se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Na materia de Lingua galega e literatura, e de acordo á proposta pedagóxica desta programación, priorizaremos o traballo na comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

Nas aulas e en calquera actividade no centro evítaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual, identidade de xénero e discriminación lingüística.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros literarios	Ao longo do curso tentaremos realizar algún roteiro literario relacionado co estudo da literatura do XIX e as primeiras décadas do XX.			
Festival Montenegro de Arte e Novela negra	No segundo trimestre, e relacionado coa tarefa de investigación, incentivaremos a participación do alumnado neste festival organizado polo centro.			
Faladoiros	Ao longo do curso procuraremos actividades de interacción oral con autores e autoras, creadores, deportistas, cantantes...relevantes da cultura galego-lusófona.			

### Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Demostrouse sensibilidade ante os problemas do alumnado e as súas diferenzas nos ritmos de traballo.
2. Após a avaliación inicial e de recibir información do Departamento de Orientación, mantívose o seguimento do alumnado.
3. O alumnado foi informado dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos a través da súa publicación na páxina web do centro e a súa explicación na aula.
4. As explicacións e orientacións da persoa docente complementaron o traballo individual/grupal do alumnado a partir da súa atención e traballo diario.
5. Fíxose o seguimento da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse, se for o caso, as modificacións e adaptacións necesarias.
6. Estabeleceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro.
7. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas.
8. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
9. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
10. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de diferentes materiais e fontes de consulta.
11. Participouse no Plan Lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipas docentes (EDLG, Biblioteca...)
12. Nas reunións de departamento achegáronse ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados do alumnado e propondo estratexias novas.

13. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro e fóra da aula.

14. As probas e actividades foron comentadas co alumnado ofrecéndolle as oportunas explicacións e suxestións de mellora.

15. Fíxose un seguimento e valoración do plan de recuperación da materia pendente facendo fincapé na implicación do alumnado e das familias e o cumprimento dos requisitos mínimos.

### **Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Esta programación é debedora do modelo aparecido en PROENS, mais coas necesarias adaptacións ao contexto do noso centro e ás decisións tomadas polo departamento didáctico.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais .

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

## **9. Outros apartados**